



“Canto a miña terra  
ou sea Pontevedra”

“A min oh musa a patria me recorda  
Que trae o nome seu dun ponte vello,  
E Pontevedra lle quedou fai muito,  
A min cos meus ma lembra o desterro.  
A min que tantas saudades sinto,  
Que si alá vou da alma c’o desexo  
Alegre penso que da man de Apolo  
Cantando Volvo á nai dun fillo tenor.”

*A gaita gallega* (1853)

# XOÁN MANUEL PINTOS

(Pontevedra, 1811 – Vigo, 1876)

Foi un escritor, xurista e mestre galego, considerado un dos precursores do Rexurdimento. Estudou Humanidades na Coruña e Dereito, Filosofía e Música en Santiago de Compostela; ademais, exerceu de xuíz, avogado, docente e rexistrador da propiedade. A súa obra literaria atópase espallada en diferentes xornais e revistas nas que colaborou, coma *El País*, *La Perseverancia* ou *Misterios de Pontevedra*.

## GRANDES ÉXITOS



1853

*A gaita gallega*, como é coñecida a obra que leva por título completo: *A gaita gallega tocada polo gaiteiro ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis*, é a primeira publicación escrita en galego moderno.

Trátase dunha obra escrita en latín, castelán e galego, que alterna a prosa co verso. Publicouse por fascículos en 1853 e nela atopamos un rexo compromiso co idioma e co país, unha defensa dos nosos costumes e unha denuncia da situación na que se atopaba Galicia. O seu argumento xira arredor da relación entre dous personaxes principais: o gaiteiro e o tamborileiro. As ensinanzas do primeiro ao segundo serven como pretexto para achegarlles a lingua ás e aos lectores.

Outras das súas obras son *Antonio e Margarida* (1857) e *Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea* (1858).

“O libro co que se abre a xeira renacentista da literatura galega é *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos, publicado no ano 1853. Vén ser un a xeito de manual de iniciación na fala do país. O vocabulario que no libro se emprega é, certamente, ricaz.”

Francisco Fernández del Riego sobre Xoán Manuel Pintos no discurso de entrada na Real Academia Galega (1960)

